



# Falando sobre as finanzas en católico: significados dun documento vaticano

---

Raúl González Fabre<sup>1</sup>

## 1.- Como sería unha economía ao servizo da persoa?

Un dos puntos centrais da doutrina social católica é que a economía debe ser posta ao servizo das persoas. A primeira vista parece unha afirmación case banal, unha desas obviedades de pouco atractivo que un espera dos predicadores de Igrexa cando entran en terreos pouco familiares. Porén, para moitos eclesiásticos resulta máis fácil sinalar camiños sobre as relacións interpersoais (afectivas, comunitarias, etc.), que están connosco desde sempre, que cando se trata de estruturas sociais complexas, cambiantes e, nas súas configuracións actuais, moi recentes.

O documento *Oeconomicae et pecuniariae quaestiones* (OPQ), presentado pola Congregación para a Doutrina da Fe e o Dicasterio para o Servizo do Desenvolvemento Humano Integral en maio de 2018, ofrece un bo resumo das conclusións fundamentais do pensamento católico respecto á economía contemporánea, sobre todo nos seus aspectos financeiros. A súa cuestión de fondo é que deberían cambiar concretamente as finanzas globais para estar mellor ao servizo da persoa.

Faino de maneira acumulativa, como adoitan ser os documentos vaticanos, combinando proposicións antigas aínda vixentes, con diagnósticos e aprendizaxes da última crise financeira. O apuntar

---

1 GONZÁLEZ FABRE, RAÚL S. J. é enxeñeiro civil pola UCAB (Caracas), enxeñeiro industrial pola UNED (Madrid) e doutor en Filosofía pola U. Simón Bolívar (Caracas). Traballou como profesor en Venezuela, Estados Unidos e España, e como oficial do Servizo Xesuíta a Refuxiados en Venezuela, Zambia e Italia. Actualmente ensina Ética económica na U. Pontificia Comillas.

ao como, indicando os puntos cruciais que poden e deben cambiarse, aliña este documento con algunhas das pasaxes máis concretas das encíclicas sociais. Non constitúe só unha queixa sobre os resultados indesexables da economía global, senón tamén inclúe explicacións sobre mecanismos clave que producen eses resultados, apuntando onde debe incidirse para corrixilos.

## 2.- A *financiarización* da economía

A parte da economía que pode poñerse directamente ao servizo das persoas é aquela que produce bens e servizos que a xente utiliza, o que adoita chamarse a ‘economía real’. A economía real a miúdo non está ao servizo de todas as persoas e de toda a persoa, como quería Paulo VI en *Populorum Progressio* (1967), pero podería irse organizando para iso, de forma que todos teñan oportunidades dignas de participar na produción, un nivel decente de consumo sen centrar a vida niso, e o conxunto deixe unha pegada ecolóxica sustentable.

Xunto coa economía real, hai tamén a ‘economía financeira’. Os bens e servizos prodúcense e/ou se compran a miúdo con créditos e investimentos que forman parte da economía financeira. Nela comérciase con diñeiro, tempo e risco. Ademais dos créditos e seguros ‘normais’ que todos coñecemos, inclúe transaccións de bonos, accións, derivados financeiros e divisas, ás veces moi sofisticadas. Por así dicilo, a economía real é o corpo do barco e a economía financeira as súas velas despregadas. Sen velas, o barco (de vela) non vai a ningunha parte, así que a economía financeira tamén pode poñerse ao servizo das persoas, só que indirectamente: servindo á economía real pola vía de facilitar o crédito e a distribución do risco necesarios para que esta funcione ben.

Nunha entrevista publicada a comezos de 2015<sup>2</sup>, David Young, CEO de Anfield Capital, menciona datos dun informe do Bundes-

---

2 HARLINE, J. (13/2/2015), «An Interview with David Young of Anfield Capital», <https://www.elysiancapitalholdings.com/divergence-in-the-dual-economies/>. Gráfico sobre o mesmo artigo en <http://anfieldcapital.com/interview-david-young-anfield-capital/>

bank alemán sobre o tamaño da economía financeira, en comparación coa economía real, ambos elaborados sobre estatísticas de 2010. Os resultados son impresionantes:

- A economía financeira é unhas 26 veces maior que a economía real, no conxunto do mundo.
- De todo isto, as transaccións de bonos, accións e derivados montan unhas 11 veces o produto real do mundo. Os diversos tipos de derivados financeiros, que foron a clave no desencadeamento da crise financeira, sumaban en 2010, xa comezada a crise, unhas 9,5 veces a produción de bens e servizos do mesmo ano.

E aquí chega o problema: igual que no noso barco (de vela), na economía se grandes e imprevisibles ventos sopran, as velas poden afundir a nave. Nun barco, ao ver cambiar o tempo, o capitán, que tiña todas as velas despregadas para ir o máis rápido posible, mandará encartar algunhas como sexa necesario para pasar a tormenta con poucos danos. Pero no sistema financeiro iso non é posible.

- Primeiro, porque non hai capitán: ningunha institución goberna todos os bancos, aseguradoras, bolsas, moedas, débeda pública e demais. Como moito, ese control vai nación por nación —os bancos centrais— ou rexionalmente —o Banco Central Europeo para a área Euro—.
- E segundo, porque moitas transaccións financeiras, aínda que legais, non están rexistradas (a chamada «banca na sombra»). E hai outras de dubidosa legalidade, mal rexistradas ou que non o están en absoluto (o lavado de diñeiro, moitos depósitos nos paraísos fiscais). Así que mesmo se houberse capitán, que non o hai, este non tería o mapa completo das velas do seu barco, nin por tanto sabería o efecto posible dos ventos. Gobernaría bastante ás cegas, por ensaio e erro.

Nestas circunstancias, que ferramentas ten o noso fragmentado capitán (o banco central de cada país) para enfrontarse a un temporal global, que ameaza o crédito sobre o que funciona toda a

economía? O sector público capta mediante impostos, taxas e contribucións ao redor do 40 % do produto real de cada país (de media), pero dispón de cantidades moito menores para emerxencias financeiras, porque debe dedicar a maior parte a seguridade social, educación, defensa, etc. Ademais, se se esborrallan as finanzas, faino tamén o produto real, e por tanto a recadación do Estado. En consecuencia, ocorren recortes do gasto estatal e incremento da débeda pública, para tentar conter o dano e que as finanzas non boten a pique toda a economía.

Así que a *financiarización* da economía non é un fenómeno marginal. De como se manexen as finanzas depende en boa medida o funcionamento da economía real, por tanto o emprego, o consumo privado e os servizos públicos. Nas últimas décadas, a economía financeira creceu desproporcionadamente, de maneiras difíciles de coñecer e, tal como está o mundo politicamente fragmentado, moi difíciles de controlar. É evidente que se volveu contra a súa función básica: non só non serve á economía real senón que produciu unha «gran recesión» que ameaza (aínda) con afundir á economía sobre a que vivimos as persoas. Ese é o punto focal do documento vaticano OPQ de maio 2018.

### 3.- Aspectos éticos

O enfoque católico sobre a cuestión económica e os seus relacionados (o traballo, o desenvolvemento, a pobreza, as migracións, a ecoloxía...), foi sempre moral. A Igrexa non pensa que neste campo haxa unha variña máxica técnica que resolva os problemas de maneira indolora e/ou inintencional. Pór a economía ao servizo das persoas require opcións persoais (unha ética coherente por parte dos suxeitos involucrados) e colectivas (unha política intencional levada a cabo por institucións á altura dos desafíos).

A comprensión moral da economía adoitou enfocarse na tradición católica desde varios conceptos relacionados de xustiza, e así o fai tamén OPQ, aínda que a palabra non apareza a miúdo no documento.

A primeira idea de xustiza refírese a cada unha das transaccións e as súas inmediatas consecuencias. Nos vellos tempos isto adoitaba chamarse ‘xustiza conmutativa’, aínda que agora o pensamento católico a estenda máis aló dos participantes inmediatos nunha transacción, para incluír aos terceiros directamente afectados.

O groso do problema nesta área atópase nos asesores e nos que deciden nas finanzas privadas. Deficiencias na súa maneira de facer contribuíron fortemente á crise financeira, de varias maneiras que se explican no documento:

- Operando de feito contra os mellores intereses dos seus clientes (que son todos os aforradores con cuxo diñeiro traballan, incluídos quizais tamén vostede, querido lector, e a súa organización ou empresa), cobrándolles comisións de máis, levándoos a asumir riscos que non desexan e/ou non entenden, presionándoos ou enganándoos para comprar produtos financeiros que non queren...;
- Actuando en interese dos seus clientes pero de maneiras irregulares desde o punto de vista legal e/ou moral, como a evasión e a elisión de impostos, o lavado de diñeiro, a migración de fondos a paraísos fiscais...
- Apostando a perdas de valor na débeda pública ou na débeda das empresas, e logo procurando que efectivamente a perda aconteza, para gañar con ela;
- En esquemas de colusión entre varios operadores para manipular prezos decisivos nas finanzas, como a taxa de xuro que pagan polas súas débedas empresas, países e consumidores (por exemplo, quen está devolvendo un empréstimo hipotecario).

En todos estes casos, a motivación do asesor ou decisor financeiro é gañar máis diñeiro, captando contas máis produtivas e obtendo finalmente máis comisións. O problema non se atopa tanto nesa motivación como en cometer inxustizas claras e directas, cos propios clientes ou con terceiros perfectamente identificables,

para satisfacela. Ese é o vicio moral que tradicionalmente se chamou 'cobiza': non querer diñeiro, senón querelo tanto que un estea disposto á inxustiza pola ganancia.

Se a súa motivación é a cobiza, a posibilidade desa inxustiza deriva da asimetría de información e de risco entre os operadores financeiros e o resto das persoas. As persoas que traballan profesionalmente como asesores e decisores nas finanzas, coñecen o sistema e os produtos que se moven nel bastante mellor que os demais. Debido a que moitos deses produtos son creacións dos mesmos financeiros, foron deseñados, ben deliberadamente, ben pola súa extrema complexidade, para resultar opacos tanto á poboación como aos gobernos. Pode acontecer ademais que sexan vendidos de maneira 'oculta', a través de contratos privados que só se fan públicos se un erro nos pagos os leva aos tribunais (a 'banca na sombra' que mencionamos arriba). Hai por tanto unha forte asimetría de información, que facilita a inxustiza directa. Esa inxustiza, en caso de transaccións voluntarias como as de mercado, require a miúdo que o outro non saiba ata que sexa demasiado tarde.

Ademais da asimetría de información adoita haber tamén asimetría de riscos. Os operadores financeiros traballan con cartos doutros, pero só arriscan as súas propias comisións, todo o máis o seu emprego. Hai pois un forte incentivo económico para realizar operacións arriscadas coas que percibir máis comisións. En caso de gañar, gañan o cliente e o asesor; en caso de perder, perde só o cliente, cuxo diñeiro foi colocado. Se con estas operacións de alto (e oculto) risco, o operador xa gañou suficiente para ser rico, unha gran operación errada pode custarlle o emprego pero conservará as súas ganancias previas.

Estas son malas condutas desde o punto de vista moral, que un operador medianamente habilidoso pode conseguir que resulten o bastante dúbidas para non ser condenadas nun tribunal. Pese ao xigantesco impacto da crise, moi poucos operadores financeiros acabaron no cárcere polos seus malos manexos.

Non é só un asunto de ética persoal, claro. A dinámica da competencia constitúe unha especie de 'selector moral inverso'. As de-

cisións dos investidores nas bolsas guíanse a miúdo polos resultados trimestrais ou anuais das empresas. Polo tanto, estas tenden a avaliar aos seus operadores financeiros en prazos semellantes. Quen xera grandes ganancias a curto prazo progresan no mercado financeiro, e quen ten unha visión máis ponderada de longo prazo, acaben sendo pospostos ou expulsados. Ao final os operadores máis curtopracticistas e máis inescrupulosos tenden a invadir o terreo, deixando ao público a impresión de que as finanzas están rifadas coa ética.

Non o están, e o feito de que o documento EPQ dedique espazo cumprido ao que pode facerse mellor ao lado dos operadores financeiros, amosa a convicción católica de que non hai remedio a ningunha dinámica humana sen o compromiso moral de quen participa dela.

#### 4.- Aspectos políticos

Se as finanzas fosen asunto secundario na vida económica, poderíamos resignarnos a deixar a súa bondade en mans da calidade ética dos operadores financeiros. Pero, como vimos, non o son. As velas do barco, que impulsa a economía, ou o corazón do corpo, que se encarga de que o sangue chegue a cada membro e órgano na cantidade precisa, constitúen boas comparacións.

Isto implica que se xoga nas finanzas non só a xustiza de cada unha das transaccións (a 'xustiza conmutativa' que mencionamos arriba), senón tamén outras formas de xustiza máis estrutural:

- A xustiza social, que pode entenderse en primeiro termo e sen entrar en moito detalle como integración económica de todos. Dado que vivimos nun sistema mixto de mercado e Estado, a integración económica require (1) oportunidades reais dun emprego digno do que obter o necesario para un consumo suficiente, para un mesmo e para a súa familia, máis (2) un sistema de seguridade social que facilite protección fronte a incidencias sobrevindas (enfermidade, incapacidade, accidentes, desemprego, viuvez...) ou esperadas (ancianida-

de), e que asegure unha plataforma viable de inserción no mercado laboral (educación, formación profesional, recuperación tras quebras).

- A xustiza sistémica, que pode entenderse a partir da estabilidade do conxunto. A crise financeira demostrou ata que punto todos vivimos nunha sociedade económica global, altamente interconectada polo medio ambiente, os movementos de traballadores, os intercambios de bens e servizos, os discursos e símbolos de medios de comunicación e redes sociais, e, por suposto, as finanzas mesmas. Se ese sistema cambalea, padecemos todos nos nosos concretos medios de vida e oportunidades económicas. E se o sistema se esborralla, caeremos todos con el.

A responsabilidade polas formas estruturais da xustiza é, antes de nada, do poder político. Nese terreo OPQ sinala unha cantidade de erros, aos que podemos atopar dúas causas principais, usando dúas palabras que non se atopan no documento:

- A captura do poder público por intereses privados, que conduce á inacción fronte á translación de ganancias a paraísos fiscais ou outros lugares de baixos impostos, ao ‘enxaugue’ das consecuencias de perdas financeiras privadas con débeda pública, á tolerancia fronte ao lavado de diñeiro, á permisividade fronte a clasificacións de risco moi deficientes, á relutancia de moitos países fronte a tal ou cal medida conxunta... OPQ pide a separación efectiva entre poderes públicos e empresas financeiras privadas, de maneira que se manteñan realmente distintas e independentes.
- A fragmentación do poder público en materia financeira (como en moitas outras) entre Estados soberanos, que dificultou enormemente o establecemento de xurisdicións universais para un fenómeno, o financeiro, que é global pola sua mesma natureza. A soberanía implica que ningún Estado está obrigado a aceptar condicións para os seus mercados que os respectivos gobernantes non consideren do interese nacional,



como queira que sexa que cada cal o avalíe. Se o interese nacional é o que me permite captar máis capitais, ou o que me facilita gañar a seguinte elección, ou o que convén a quen me financia o partido... notarase que o poder de veto que dá a soberanía estatal imposibilita de feito (en finanzas como no medio ambiente, en migracións, en condicións laborais...) o acordo preciso para regular os mercados.

Regular os mercados financeiros requiriría primeiro facelos transparentes, de forma que todas as transaccións fosen coñecidas polo poder político. Se este se atopa fragmentado, e parte del capturado por grandes operadores financeiros, a opacidade é difícil de combater. Peor aínda porque novas tecnoloxías, que OPQ non menciona pero que adoitan xeralmente agruparse baixo o nome '*fintech*', facilitan aínda máis esa opacidade tamén en pequenos operadores, permitindo contratos privados a través das fronteiras baixo regulacións nacionais menos esixentes que as aplicadas aos grandes bancos e aseguradoras.

As medidas de política económica máis importantes que OPQ suxire diríxense a tentar devolver as finanzas ao servizo dunha economía para as persoas:

- Novas regras de provisións e goberno corporativo das institucións financeiras privadas:
  1. Incremento da capitalización, de maneira que os rescates bancarios e semellantes non recaian sobre os Estados (por tanto sobre os contribuíntes).
  2. Introducción dun Consello de Ética dentro do Consello de Administración das institucións financeiras, para garantir o cumprimento normativo.
- Certificación oficial dos produtos de innovación financeira para evitar introducir elementos tóxicos, potencialmente explosivos, no sistema.
- Supervisión oficial a nivel mundial das cualificadoras de risco, para evitar tanto o oligopolio (neste momento tres delas

repártense o groso do mercado global), como para obxectivar mellor as súas 'notas' tanto aos instrumentos privados como á débeda dos países.

- Posibilidade de introducir freos no sistema, de maneira que este non vaia sempre á máxima velocidade posible (por tanto co máximo risco sistémico).
- Imposto global ás transaccións '*offshore*' (en países de baixa tributación), para atender necesidades globais, como terminar coa fame no mundo.
- Coordinación supranacional das autoridades financeiras.

## 5.- A globalización política

A necesidade de medidas deste tipo constitúe unha aprendizaxe amplamente compartida da crise de 2008. Porén, non foron fáciles de realizar, nin sequera na escala relativamente atinxible da Zona Euro, onde hai unha soa autoridade monetaria. Os diferentes intereses nacionais de países soberanos, impiden a implantación dun sistema de regras únicas para as finanzas.

Nese sentido, OPQ é menos ambicioso que un documento previo do Pontificio Consello de Xustiza e Paz, titulado *Por unha reforma do sistema financeiro e monetario internacional na perspectiva dunha Autoridade pública con competencia universal* (2011), que propoñía, seguindo o devandito en *Caritas in Veritate* 67 (2009), un procedemento progresivo de cesión de soberanía nacional.

Esta última parécenos unha posición máis radicalmente católica. O ben común da Humanidade, no que depende das grandes dinámicas globais, non pode ser coidado adecuadamente por actores nacionais pendentes dos micro-intereses políticos, económicos e electorais dos seus gobernantes do momento. A amarga queixa do Papa Francisco en *Laudato Sii* (2015:169) respecto á ineficacia das conferencias internacionais en materia ambiental, constitúe un exemplo claro do mesmo. Como para confirmar as palabras do Papa, ao final de 2015 Obama asinou por Estados Unidos os

compromisos da Conferencia de París sobre Cambio Climático, que supoñían un avance modesto pero certo respecto á situación anterior, sobre todo pola súa amplitude: só Siria e Nicaragua elixiron quedar fóra. Non pasaran dous anos, e xa Trump retiraba a Estados Unidos dese Acordo.

As finanzas constitúen a parte da economía máis fácil de globalizar, precisamente pola inmaterialidade do diñeiro, que non debe entenderse como billetes senón como cifras nun computador. Os dereitos de propiedade asignados a esas cifras xeran a economía financeira de que falabamos arriba. O diñeiro é moito máis fácil de mover que unha cousa ou un servizo, porque non está fisicamente atado a un lugar.

Non se trata só de canto tes senón tamén de en que divisas, a quen debes e quen che debe, cando e baixo que condicións deben ocorrer os repagamentos... Por baixo do xigantesco volume das transaccións financeiras atópase unha cantidade moi superior de vínculos financeiros entre axentes de todo tipo (desde persoas cuns poucos aforros ou dereito sobre unha modesta pensión, ata grandes fondos internacionais que manexan centenares de miles de millóns). Como moitos deses vínculos son privados e descoñecidos para os poderes públicos, os mercados financeiros poden moverse de maneiras inexplicables porque ninguén ten o mapa completo das conexións neles. Se alguén me falla no seu pagamento, quizais eu falle nalgunha débeda miña, porque contaba con que me devolvesen o que me debían para poder pagar eu a miña débeda. Os mercados financeiros poden resultar así moi volátiles, cheos de 'reaccións en cadea' das diversas débedas, segu-ras, divisas, etc.

A volatilidade acentúase cando ocorren pánicos financeiros: se vexo á xente poñéndose na fileira para sacar o seu diñeiro do mesmo banco onde teño o meu, seguramente me poño na ringleira 'polo si ou polo non'. Iso pode producir a quebra mesmo do banco máis san. E pode complicarse con 'colapsos do crédito' como o que ocorreu ao principio da crise: se non estou seguro de que alguén vai devolver os seus empréstitos, non lle empresto cartos eu, etc.

A interconexión financeira global involucranos a todos. Mesmo se non temos persoalmente un céntimo e ninguén nos debe nin nós debemos, o Estado de que formamos parte ten unha débeda considerable, tanto coa súa cidadanía (prestacións sociais ás que está obrigado por lei) como cos seus prestamistas (débeda pública). Quizais tamén emprestou cartos a outros, ou o colocou nos mercados (fondos soberanos). Así que, sequera como cidadáns, todos estamos metidos directamente nas finanzas globais. Á parte de que sempre o estamos de maneira indirecta, porque como mencionamos as finanzas resultan esenciais para o funcionamento da economía real en que traballamos e da que consumimos.

## 6.- Mercados disfuncionais

OPQ sinala un tema recorrente na doutrina social da Igrexa desde o mesmo León XIII, que contradí a tese central do liberalismo económico: os mercados deixados a si mesmos erran en asegurar elementos esenciais do ben común, de maneira que é precisa algunha forma de intervención pública neles.

A idea liberal propón que o mercado enteiramente libre constitúe un sistema autorregulado que tende ao equilibrio, capaz de atinxir por si só a máxima eficiencia económica sen que ninguén o pretenda intencionalmente, senón cada cal perseguindo só o seu propio interese. O Estado debe limitarse a garantir o respecto aos dereitos de propiedade, o cumprimento leal dos contratos e a libre competencia tanto ao lado da oferta como da demanda. Calquera intervención pública máis aló, diminúe a eficiencia do mercado e pode ata ameazar a existencia de tan benévolo mecanismo social.

A maior parte dos economistas, mesmo quen comparte esta idea e os teoremas matemáticos en que se apoia, notan enseguida un par de cousas:

- Para que un mercado enteiramente libre resulte na máxima eficiencia económica requírense certas condicións respecto ao produto e á estrutura do mesmo mercado. Non entraremos en detalle, pero nos mercados financeiros non se dan nin

se poden dar algunhas desas condicións. Por exemplo, como explicamos arriba, ocorren fortes efectos ‘de rabaño’ en que cada operador financeiro eventualmente copia o que ve ao seu ao redor, xerando reaccións en cadea e desprazamentos bruscos dos prezos do crédito e ata da súa mesma dispoñibilidade. Como resultado, lonxe de tender ao equilibrio benéfico que se supón na teoría liberal, os mercados financeiros exhiben un comportamento cíclico: neles prodúcense facilmente grandes burbullas e esborralles.

- A promesa de máxima eficiencia polo mercado libre supón que todo o mercado está baixo unha soa xurisdición legal (a cal asegura dereitos de propiedade, contratos e competencia, como mencionamos arriba). No caso dos mercados financeiros, iso non é así. Os mercados financeiros son globais, pero as xurisdicións legais son nacionais. O diñeiro e as débedas poden moverse con soltura, pero en cada lugar están sometidos a unha lexislación distinta, xeralmente moi prolixa. E necesariamente ten que ser así, xa que existen os Estados nacionais, porque as finanzas son tan importantes para a economía de cada país que o poder público correspondente non pode desentenderse delas.

A pesar destas limitacións estruturais que calquera economista recoñecería, o certo é que a ideoloxía liberal fixo grandes avances na década anterior á crise, tomando posicións decisivas nalgúns gobernos e bancos centrais, como a presidencia da Reserva Federal Americana por Alan Greenspan. Desde alí elimináronse algunhas regulacións clave en zonas monetarias moi importantes (sobre todo, a do dólar). A caída de Lehman Brothers (setembro 2008), pode entenderse como un exercicio liberal de deixar crebar un banco errado, sen socorrelo desde instancias públicas porque calquera intervención pública, no pensamento liberal, faría o mercado menos eficiente. O resultado é coñecido: un colapso xeral do crédito, e detrás del de boa parte da economía real, do que dez anos despois apenas nos estamos a recuperar. Os mercados financeiros non seguen as concepcións liberais, de forma que

actuar neles coma se as seguisen, conducíunos a algo próximo á catástrofe en termos de pura eficiencia económica, só evitada (de momento) pola intervención activa de gobernos e bancos centrais.

Pero ademais, hai un punto que os economistas de formación estándar teñen máis dificultades para incorporar nas súas análises, pero que en OPQ se atopa ben desenvolvido:

- A máxima eficiencia económica non significa o máximo ben común. Para empezar, o concepto económico de eficiencia económica (o «óptimo paretiano» como adoita chamarse) ten dúas limitacións de base:
  1. Maximiza só a suma total de riqueza, sen ocuparse maiormente da súa distribución. É considerablemente cego á pobreza (só a ve en canto diminúa o produto total) e do todo cego á desigualdade.
  2. Non inclúe xeralmente a Natureza nos seus cálculos, nin ten boas ferramentas para incorporala en canto se trate de ‘bens non renovables’ (como os minerais e hidrocarburos) nin de ‘males definitivos’ (como o dano irreversible aos ecosistemas ou ao equilibrio do planeta).
- Adicionalmente, a máxima eficiencia económica non equivale ao ben común en dous aspectos culturais, tamén sinalados no documento:
  1. A concentración dos obxectivos da vida no éxito económico nos mercados para aumentar o propio consumo, lévanos a descoidar áreas vitais que poderíamos chamar ‘contemplativas’, onde nin se produce nin se consome.
  2. A concentración no propio interese, sexa por cobiza ou por medo a perder na competencia e quedar excluído, reduce a solidariedade real. Esa solidariedade está a quedar limitada aos ámbitos afectivos inmediatos (a familia, os amigos máis próximos), pero mesmo eles son ameazados: moita xente ten menos fillos e menos tempo para amigos, a fin de aumentar as súas posibilidades de éxito econó-

mico. Iso mina fortemente as relacións humanas. Unha sociedade global como a nosa ('interdependente' chamá-baa Paulo VI), requiriría pola contra máis capacidade de actuar solidariamente mesmo 'a longas distancias', axudando a resolver problemas centrais (a pobreza, a depredación ambiental, a guerra, a ditadura...) onde queira que se presenten.

## 7.- Cidadáns en acción

Ante un poder político impotente por fragmentado, e uns mercados financeiros onde tende a operar a 'selección inversa' que mencionamos arriba, OPQ non se limita a chamar a unha certa moralidade aos operadores financeiros e a propoñer medidas de política regulatoria e fiscal aos poderes públicos. Toca outros dous aspectos fundamentais:

- Os cidadáns non son meramente electores políticos de tempo en tempo, senón tamén actores económicos continuamente. Participan na configuración dos mercados a través das súas decisións de consumo e investimento. Esas decisións poden e deben ir cargadas de sentido moral, de maneira que cada cal apoie aqueles operadores económicos e financeiros que contribúan a unha economía ao servizo da persoa.
- As empresas non constitúen só máquinas de maximización a curto prazo do beneficio para os seus donos, senón antes nodos de relacións sociais que no medio e longo prazo deben resultar positivas para todos os implicados, en todos os aspectos da vida. Cando a cultura corporativa toma isto en serio, non como unha operación de relacións públicas senón como razón de ser da súa actividade, está a asumir unha xenuína «Responsabilidade Social da Empresa».

Así, aínda que nin os cidadáns individualmente nin as empresas tomadas unha por unha poden cambiar a estrutura da economía nos seus aspectos máis daniños, si poden promover cambios sistémicos coa súa actividade cotiá. A agregación de persoas e empresas

que actúen nesa dirección, ten, tanto na política como nos mercados, potencial para ir poñendo a economía contemporánea ao servizo da persoa.

## 8.- Conclusión: a economía que mata

En diversos momentos do seu pontificado, comezando por *Evangelii Gaudium* 53, Francisco sinalou que «esta economía mata». Iso é sen dúbida certo, pero igualmente podería dicirse das institucións económicas anteriores: mataban o comunismo e o colonialismo, o feudalismo e o escravismo.

A economía contemporánea ten os seus propios modos de matar, está claro. Fomos apuntando os principais: a exclusión, a devastación ambiental, a inestabilidade financeira e as súas hiperconsecuencias sobre a economía real, a erosión de dimensións contemplativas e relacionais básicas para desenvolvernos de maneira plenamente humana... O máis peculiar do noso momento é que, como xa prognosticara Keynes<sup>3</sup> en 1930 e afirmado Paulo VI en 1967, contamos con capital e tecnoloxía suficientes para atallar todos eses males e deixar atrás o problema económico da humanidade. Todo o que se require é ir modificando, con ética e política, a orde dentro do cal eses recursos se empregan, para poñelos completamente ao servizo da persoa.

Ou, dito con outras palabras, resulta profético afirmar que a nosa economía mata, porque podería facilmente non matar.

**Raúl González Fabre**  
Traduciu Xesús Ledo Patao

---

3 KEYNES, J. M., (1930), *Economic possibilities for our grandchildren*.